COMPOSTELA capitalcultural

VERÁN NA RÚA

santiago de compostela
agosto 2014

CONCELLO DE SANTIAGO · CONSORCIO DE SANTIAGO · XUNTA DE GALICIA · AGADIC · GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE · inaem · PLATEA · PROGRAMA ESTATAL DE ARTES ESCÉNICAS

30 xullo — mércores / miércoles 19.30
Praza de San Martiño Pinario

AS POMBAS DE CARBOEIRO
LAS PALOMAS DE CARBOEIRO

FANTOCHES BAJ Galicia
BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO

Un frade trata de engaiolar a un batallón do exército napoleónico para tentar evitar que os soldados sacien a súa fame coa poboación de pombas mensaxeiras do mosteiro de Carboeiro. O frade usa 28 cartas do Tarot de Marsella coas que os soldados franceses se entretiñan e inventa un romance con cantos e lendas antigos que ten como protagonista a Cervela de Bonaval, o personaxe dos zapatos vermellos.

Un fraile intenta camelar a un batallón del ejército napoleónico para intentar evitar que los soldados sacien su hambre con la población de palomas mensajeras del monasterio de Carboeiro. El fraile usa 28 cartas del Tarot de Marsella con las que los soldados franceses se entretenían e inventa un romance con cantos y leyendas antiguos que tienen como protagonista a Cervela de Bonaval, el personaje de los zapatos rojos.

4 agosto — luns / lunes 19.30
Praza de San Martiño Pinario

POLOS PELOS
POR LOS PELOS

DANI BLANCO Galicia

Un barbeiro nómade sae traballar, outro día máis, na súa barbaría ambulante. Pero hoxe será distinto: mientras traballa atopa unha maleta un pouco estraña, esquecida por un descoñecido, na que descubrirá un universo cheo de sorpresas. Unha simple barbaría transfórmase nun espazo de maxia e circo onde a imaxinación fai todo posible. O humilde barbeiro convértese en todo un artista.

Un barbero nómada sale a trabajar, otro día más, en su barbería ambulante. Pero hoy será distinto: mientras trabaja encuentra una maleta un poco extraña, olvidada por un desconocido, en la que descubrirá un universo lleno de sorpresas. Una simple barbería se transforma en un espacio de magia y circo donde la imaginación hace todo posible. El humilde barbero se convierte en todo un artista.

5 agosto — martes 19.30
Praza da Quintana

CIRCO EXPRESO / UN DIA DE PRAIA
CIRCO EXPRESO / UN DÍA DE PLAYA

DESASTRONAUTS Castilla-León / Inglaterra

Raquel e Girisho presentan un espectáculo de circo-teatro cheo de enerxía, adrenalina e acción. *Un día de praia* é un show moi visual e cunha fermosa estética que combina trapecio, corda e hula-hoops con humor e amor.

Raquel y Girisho presentan un espectáculo de circo-teatro lleno de energía, adrenalina y acción. *Un día de playa* es un show muy visual y con una hermosa estética que combina trapecio, cuerda y hula-hoops con humor y amor.

6 agosto — mércores / miércoles 19.30
Praza de San Martiño Pinario

PEPIÑA MARUXIÑA QUERE VOAR
PEPIÑA MARUXIÑA QUIERE VOLAR

BARAFUNDA Galicia

Pepiña Maruxiña quere voar conta a historia dunha xoaniña que persegue un soño e como, grazas á súa constancia e tenacidade, consegue esas ás que precisa para poder voar. A historia de Pepiña Maruxiña está baseada na tradición popular de cantarlle ás xoaniñas para protexelas, pero tamén para que emprendan o voo, nos traian bo tempo, boas colleitas e moitas outras cousas.

Pepiña Maruxiña quiere volar cuenta la historia de una mariquita que persigue un sueño y como, gracias a su constancia y tenacidad, consigue esas alas que necesita para poder volar. La historia de Pepiña Maruxiña está basada en la tradición popular de cantar a las mariquitas para protegerlas, pero también para que emprendan el vuelo, nos traigan buen tiempo, buenas cosechas y muchas otras cosas.

7 agosto — xoves / jueves 19.30
Praza da Quintana

FUENTEOVEJUNA,
BREVE TRATADO DE LAS OVEJAS DOMÉSTICAS
FUENTEOVEJUNA,
BREVE TRATADO DAS OVELLAS DOMÉSTICAS

OBSKENÉ Cataluña

O clásico de Lope de Vega *Fuenteovejuna* volve á rúa para actualizar e presentar en clave contemporánea os feitos acontecidos na famosa vila que, cansada das atrocidades dun comendador corrupto e déspota, decide unirse para combater ao seu opresor.

El clásico de Lope de Vega *Fuenteovejuna* vuelve a la calle para actualizar y presentar en clave contemporánea los hechos acontecidos en la famosa villa que, cansada de las atrocidades de un comendador corrupto y déspota, decide unirse para combatir a su opresor.

8 agosto — venres / viernes 19.30
Praza da Quintana

SUPERGALÁCTICOS

CÓDIGO MORSA Galicia

Había unha vez, nunha afastada galaxia, un planeta no que vivían uns seres moi semellantes a nós que posuían habilidades extraordinarias. Tras moito tempo permitindo que se incendiasen os montes e construíndo encoros, minas de ouro e centrais nucleares, aquel planeta chegou ao seu límite e estoupou... Dous dos seus habitantes escaparon xusto a tempo nunha nave espacial: eles son os Supergalácticos e usan os seus superpoderes cómicos para axudarnos a evitar que a Terra sufra o mesmo tráxico destino que o seu planeta.

Había una vez, en una alejada galaxia, un planeta en el que vivían unos seres muy semejantes a nosotros que poseían habilidades extraordinarias. Tras mucho tiempo permitiendo que se incendiasen los montes y construyendo embalses, minas de oro y centrales nucleares, aquel planeta llegó a su límite y explotó... Dos de sus habitantes escaparon justo a tiempo en una nave espacial: ellos son los Supergalácticos y usan sus superpoderes cómicos para ayudarnos a evitar que la Tierra sufra el mismo trágico destino que su planeta.

11 agosto — luns / lunes 19.30
Praza da Quintana

PEOR IMPOSIBLE

PETER PUNK Galicia

O novo espectáculo de Peter Punk reflicte a situación actual: *Peor imposible*... ou case. Tras o éxito acadado nas súas xiras internacionais, o noso protagonista pensa que xa todo será doado na súa carreira, pero *Peor imposible* demostra que nada diso era certo. Intentos de equilibrios con paraugas, cadeiras, persoas... Números falidos e desastres que, cando menos, provocarán a hilaridade do público.. Un gran show dun dos mellores pallasos e artistas de rúa de Galicia.

El nuevo espectáculo de Peter Punk refleja la situación actual: *Peor imposible*... o casi. Tras el éxito conseguido en sus giras internacionales, nuestro protagonista piensa que ya todo será fácil en su carrera, pero *Peor imposible* demuestra que nada de eso era cierto. Intentos de equilibrios con paraguas, sillas, personas... Números fallidos y desastres que, cuando menos, provocarán la hilaridad del público.. Un gran show de uno de los mejores payasos y artistas de calle de Galicia.

12 agosto — martes 12.30 / 13.30 / 17.30 / 18.30 / 19.30 / 20.30
Praza de San Martiño Pinario

NE ME QUITTE PAS

O RETRETE DE DORIAN GRAY Galicia

Historia dun gran intérpretee de canción francesa que nace da nada ante os espectadores, como por arte de "flop!"... Entón canta unha canción, emociónase e canta ao desamor, ao gran Desamor. Esquece unha cousa moi importante, unha pequena cousa, e unha luz marcha e todo pasa nun momentiño de nada.

Historia de un gran cantante de canción francesa que nace de la nada ante los espectadores, como por arte de "flop!"... Entonces canta una canción, se emociona y canta al desamor, al gran Desamor. Olvida una cosa muy importante, una pequeña cosa, y una luz se va y todo pasa en un momentito de nada.

13 agosto — mércores / miércoles 19.30 — Praza da Quintana

EKILIBUÁ

MAINTOMANO Castilla-León

Equilibrio *m.* Estado dun corpo cando atopadas as forzas que actúan nel se compensan e se destrúen mutuamente. **Equilibrista** *adx.* Artista de circo experto en facer xogos ou exercicios de equilibrio. **Equilibuá** *fr.* / **Equilibois** *fam.* / **Ekilibuá** *expr.* Termo que designa o acto polo cal obxectos de madeira e seres humanos se alían en diferentes formacións xeométricas para conseguir audaces equilibrios por medio de correntes dinámicas de complicidade e humor.

Equilibrio *m.* Estado de un cuerpo cuando encontradas las fuerzas que obran en él se compensan destruyéndose mutuamente. **Equilibrista** *adx.* Artista de circo experto en hacer juegos o ejercicios de equilibrio. **Equilibuá** *fr.* / **Equilibois** *fam.* / **Ekilibuá** *expr.* Término que designa el acto por el cual objetos de madera y seres humanos se alían en diferentes formaciones geométricas para conseguir audaces equilibrios por medio de corrientes dinámicas de complicidad y humor.

14 agosto — xoves / jueves 19.30 — Praza da Quintana

GENTLEMEN OF THE ROAD

CHIPOLATAS Gran Bretaña

Os Chipolatas son tesoureiros dunha mensaxe ligada á tradición que tenta vincular o vello e o novo, mesturando culturas e creando xéneros novos alén do que é tendencia. Conquistando os corazóns e superando fronteiras, estes tres músicos e clowns fan gozar ao público con actuacións sempre únicas nas que incorporan habilidades de circo de alta voltaxe, música, teatro e danza. Chipolatas chegan por primeira vez a Santiago co seu espectáculo, mundialmente aclamado, *Gentlemen of the road*.

Los Chipolatas son tesoreros de un mensaje ligado a la tradición que intenta vincular lo viejo y lo nuevo, mezclando culturas y creando géneros nuevos más allá de lo que es tendencia. Conquistando los corazones y superando fronteras, estos tres músicos y clowns hacen disfrutar al público con actuaciones siempre únicas en las que incorporan habilidades de circo de alto voltaje, música, teatro y danza. Chipolatas llegan por primera vez a Santiago con su espectáculo, mundialmente aclamado, *Gentlemen of the road*.

18 agosto — luns / lunes 19.30 — Praza de San Martiño Pinario

CIKOTE

KOTE MALABAR Galicia

Kote condensa o seu saber de pallaso neste show de malabares, clown e final con lume destilado tras moitos anos percorrendo toda Galicia. En *Cikote* o público participa activamente de principio a fin e calquera dos asistentes pode rematar sendo a estrela da función...

Kote condensa su saber de payaso en este show de malabares, clown y final con fuego destilado tras muchos años recorriendo toda Galicia. En *Cikote* el público participa activamente de principio a fin y cualquiera de los asistentes puede acabar siendo la estrella de la función...

19 agosto — martes 22.00 — Praza da Quintana

AMADA & AMADOR: ENCUENTRO EN LA LUNA
AMADA & AMADOR: ENCONTRO NA LÚA

ALAS CIRCO Andalucía

Amada e Amador quedan nunha praza, á luz dun farol, pero Amada nunca chega á cita... Cando Amador descobre que Amada o agarda na lúa, busca mil e unha maneiras de chegar ata ela. Un camiño de ida sen volta, unha ilusión chea de valor, son os perigosos camiños destes dous ilusos extraviados polo aire... Dende Andalucía, Alas Circo viaxa cun espectáculo de circo contemporáneo con fortes bases de destreza física e acrobacias aéreas.

Amada e Amador quedan en una plaza, a la luz de un farol, pero Amada nunca llega a la cita... Cando Amador descubre que Amada le espera en la luna, busca mil y una maneras de llegar hasta ella. Un camino de ida sin vuelta, una ilusión llena de valor, son los peligrosos caminos de estos dos ilusos extraviados por el aire... Desde Andalucía, Alas Circo viaja con un espectáculo de circo contemporáneo con fuertes bases de destreza física y acrobacias aéreas.

20 agosto — mércores / miércoles — Alameda 18:30 — Praza da Quintana 20.30

VELÓ COMO EL RAYO
VELÓ COMA O RAIO

JAVI JAVICHI Madrid

Un malabarista no seu primeiro día de traballo xoga co público e busca o risco cun número de equilibrios sobre cilindros no que se mesturan a técnica de circo co humor máis clásico. Neste premiado espectáculo cómico, Javi Javichi emprega malabares (diábolos, mazas ou pelotas) nunha orixinal achega artística na que conecta co público dun xeito directo.

Un malabarista en su primer día de trabajo juega con el público y busca el riesgo con un número de equilibrios sobre cilindros en el que se mezclan la técnica de circo con el humor más clásico. Con este premiado espectáculo cómico, Javi Javichi emplea malabares (diábolos, mazas o pelotas) en una original propuesta artística en el que conecta con el público de un modo directo.

21 agosto — xoves / jueves 19.30 — Praza da Quintana

RUACTIVA. GALA DE CIRCO

ALAS CIRCO
MAGO TETO
BOMBO TAMBOR
e máis artistas por confirmar
ISABEL RISCO presentadora

Unha gala de circo de grande formato, para todos os públicos, na que participan algunhas das compañías de novo circo máis representativas do momento, un presentador e unha banda de música. A interacción de actores e malabaristas co público, gran variedade de técnicas artísticas, espectaculares acrobacias aéreas, o encanto da música en directo e a ilusión do circo reunidos en *Ruactiva*, un dos mellores espectáculos de rúa *made in Galicia*.

Una gala de circo de gran formato, para todos los públicos, en la que participan algunas de las compañías de nuevo circo más representativas del momento, un presentador y una banda de música. La interacción de actores y malabaristas con el público, gran variedad de técnicas artísticas, espectaculares acrobacias aéreas, el encanto de la música en directo y la ilusión del circo reunidos en *Ruactiva*, uno de los mejores espectáculos de calle *made in Galicia*.

22 agosto — venres / vienres 19.30 — Praza da Quintana

EL ESPEJO
O ESPELLO

ALAS CIRCO Andalucía

Dende Andalucia chega á Quintana un espectáculo multidisciplinar con trapecio, teas, acrobacias, malabares e moitas sorpresas. ¡Nunca un espirro deu tanta vida! Un salón en branco e negro, unha vella maleta chea de po e un espello xigante que alza o voo a cinco metros de altura conforman o escenario onde dous personaxes esquecidos se atopan para confirmar que non están nas lembranzas... Unha tenra historia na que mirarse.

Desde Andalucia llega a la Quintana un espectáculo multidisciplinar con trapecio, telas, acrobacias, malabares y muchas sorpresas. ¡Nunca un estornudo dió tanta vida! Un salón en blanco y negro, una vieja maleta llena de polvo y un espejo gigante que alza el vuelo a cinco metros de altura conforman el escenario donde dos personajes olvidados se encuentran para confirmar que no están en los recuerdos... Una tierna historia en la que mirarse.

25 agosto — luns / lunes 19.30 — Praza de San Martiño Pinario

SUPERGALÁCTICOS

CÓDIGO MORSA Galicia

Había unha vez, nunha afastada galaxia, un planeta no que vivían uns seres moi semellantes a nós que posuían habilidades extraordinarias. Tras moito tempo permitindo que se incendiasen os montes e construíndo encoros, minas de ouro e centrais nucleares, aquel planeta chegou ao seu límite e estoupou... Dous dos seus habitantes escaparon xusto a tempo nunha nave espacial: eles son os Supergalácticos e usan os seus superpoderes cómicos para axudarnos a evitar que a Terra sufra o mesmo tráxico destino que o seu planeta.

Había una vez, en una alejada galaxia, un planeta en el que vivían unos seres muy semejantes a nosotros que poseían habilidades extraordinarias. Tras mucho tiempo permitiendo que se incendiasen los montes y construyendo embalses, minas de oro y centrales nucleares, aquel planeta llegó a su límite y explotó... Dos de sus habitantes escaparon justo a tiempo en una nave espacial: ellos son los Supergalácticos y usan sus superpoderes cómicos para ayudarnos a evitar que la Tierra sufra el mismo trágico destino que su planeta.

26 agosto — martes 19.30 — Praza de San Martiño Pinario

ILUSIONES MÁGICAS... 20 AÑOS DE MAGIA
ILUSIÓNS MÁXICAS... 20 ANOS DE MAXIA

MAGO XACOBE Galicia

O televisivo Mago Xacobe celebra o seu 20º aniversario no mundo da maxia cun espectáculo adaptado especialmente para a rúa, dinámico e participativo, onde imperan o humor e a ilusión. Ilusións creadas a escasos metros dos espectadores, con todo tipo de elementos cotiáns como cartas, cordas, froitas ou billetes que por un momento escaparán ás leis físicas e da mente...

El televisivo Mago Xacobe celebra su 20º aniversario en el mundo de la magia con un espectáculo adaptado especialmente para la calle, dinámico y participativo, donde imperan el humor y la ilusión. Ilusiones creadas a escasos metros de los espectadores, con todo tipo de elementos cotidianos como cartas, cuerdas, frutas o billetes que por un momento escaparán a las leyes físicas y de la mente...

27 agosto — mércores / miércoles 22.00 — Praza da Quintana

SUEÑOS DE ARENA
SOÑOS DE AREA

YTUQUEPINTAS Cataluña

Estamos afeitos a ver a arte como algo que perdura no tempo, como unha obra que segue viva despois da desaparición do artista. Pero a arte tamén pode ser efémera, durar só un instante... Este é *Ytuquepintas*, un espectáculo multidisciplinar que combina arte con area, circo, música en directo, monicreques de gran formato e pintura rápida. Historias cheas de emoción creadas con area sobre un cristal só cun movemento de mans.

Estamos acostumbrados a ver el arte como algo que perdura en el tiempo, como una obra que sigue viva después de la desaparición del artista. Pero el arte también puede ser efímero, durar sólo un instante... Este es *Ytuquepintas*, un espectáculo multidisciplinar que combina arte con arena, circo, música en directo, títeres de gran formato y pintura rápida. Historias llenas de emoción creadas con arena sobre un cristal sólo con un movimiento de manos.

28 agosto — xoves / jueves 19.30 — Praza da Quintana

RASTAFARUDI

RUDI DUDI Bélxica / Galicia

Antes de nada había un tambor e unha voz, falando da alegría, da dor e do amor. Un ritual para que a xente se deitase todas as noites coa esperanza. María Callas e Elvis, Bob Marley e Michael Jackson, Madonna e Lady Gaga, e moitos máis, mantiveron este ritual ata o día de hoxe; pero mañá farao... Rastafarudi. Música en vivo, malabarismos absurdos, coreografías en tutú e moita risa nadas da experiencia e do gran corazón de Rudi Dudi.

Antes de nada había un tambor y una voz, hablando de la alegría, del dolor y del amor. Un ritual para que la gente se acostase todas las noches con la esperanza. María Callas e Elvis, Bob Marley e Michael Jackson, Madonna e Lady Gaga, y muchos más, mantuvieron este ritual hasta el día de hoy; pero mañana lo hará... Rastafarudi. Música en vivo, malabarismos absurdos, coreografías en tutú y mucha risa nacidas de la experiencia y del gran corazón de Rudi Dudi.

29 agosto — venres / viernes 19.30 — Praza de San Martiño Pinario

PEOR IMPOSIBLE

PETER PUNK Galicia

O novo espectáculo de Peter Punk reflicte a situación actual: *Peor imposible*... ou case. Tras o éxito acadado nas súas xiras internacionais, o noso protagonista pensa que xa todo será doado na súa carreira, pero *Peor imposible* demostra que nada diso era certo. Intentos de equilibrios con paraugas, cadeiras, persoas... Números falidos e desastres que, cando menos, provocarán a hilaridade do público.. Un gran show dun dos mellores pallasos e artistas de rúa de Galicia.

El nuevo espectáculo de Peter Punk refleja la situación actual: *Peor imposible*... o casi. Tras el éxito conseguido en sus giras internacionales, nuestro protagonista piensa que ya todo será fácil en su carrera, pero *Peor imposible* demuestra que nada de eso era cierto. Intentos de equilibrios con paraguas, sillas, personas... Números fallidos y desastres que, cuando menos, provocarán la hilaridad del público.. Un gran show de uno de los mejores payasos y artistas de calle de Galicia.